

Informe de avaliación de datos turísticos

1º Cuadrimestre 2017



galicia

Comportamento positivo da demanda turística nos establecementos regrados de Galicia –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings e turismo rural- no primeiro cuadrimestre deste ano 2017. A cifra de viaxeiros aloxados sobe un 7,7% e o volume de noites un 8,4% en relación ao mesmo período de 2016. Galicia ocupa o noveno lugar no ranking das CC.AA. representando o 1,7% do total de España.

Evolución Demanda Turística nos Establecementos Regrados. 1º Cuadr. 2017/16

Viaxeiros

Noites

7,7%

8,4%

DEMANDA TURISTICA

Noites nos establecementos regrados e variación interanual por CC.AA. 1º Cuadr. 17

NOITES	
ESPAÑA	106.348.980
Canarias	34.214.356
Andalucía	16.288.043
Cataluña	14.996.374
C. Valenciana	11.951.228
Madrid	8.243.724
Baleares	5.497.359
Castela e León	2.765.469
Aragón	2.171.726
<i>Galicia</i>	<i>1.841.078</i>
País Vasco	1.692.889
Murcia	1.493.595
Castela A Mancha	1.362.760
Asturias	943.521
Extremadura	891.233
Cantabria	834.048
Navarra	657.123
A Rioxa	377.023


Var. Int. NOITES	
ESPAÑA	5,0%
Cantabria	13,6%
Asturias	12,7%
Aragón	12,4%
País Vasco	10,2%
Castela A Mancha	9,5%
<i>Galicia</i>	<i>8,4%</i>
Madrid	7,9%
Navarra	7,9%
Castela e León	7,3%
Cataluña	6,3%
Extremadura	6,2%
C. Valenciana	6,2%
A Rioxa	6,2%
Murcia	3,5%
Andalucía	3,5%
Canarias	3,2%
Baleares	1,8%

DEMANDA TURISTICA

É o cuarto ano consecutivo no que se rexistra un comportamento positivo da demanda turística regrada en Galicia –no primeiro cuadrimestre de 2014 rompérase a tendencia anterior e a cifra de viaxeiros aloxados medrara un 3,9%, porcentaxe que ascende ao 12,3% en 2015 e ao 9,1% en 2016-.

Con pouco máis dun millón de viaxeiros aloxados Galicia marca neste ano un máximo histórico –superando nun 12% a cifra do mesmo período do último ano Xacobeo-.


Evolución Viaxeiros Aloxados nos Establecementos Regrados. 1º Cuadr. 2013-17



DEMANDA TURISTICA

Do lado das pernoctacións acontece algo similar. Consólídase neste primeiro cuadrimestre o crecemento rexistrado nos tres anos anteriores -do 1,7% en 2014, do 8,1% en 2015 e do 8,0% en 2016- dando como resultado que a nosa comunidade rexistre máis de 1,8 millóns no conxunto da oferta regrada –cifra que marca tamén un máximo histórico en Galicia-. En termos absolutos a nosa comunidade xerou nestes catro anos máis de 400 mil novas pernoctacións nos establecementos regrados. En comparación co 2016 o crecemento en termos absolutos sitúase por encima de 143 mil pernoctacións.

Evolución Noites nos Establecementos Regrados. 1º Cuadr. 2013-17




DEMANDA TURÍSTICA

Os bos resultados deste primeiro cuadrimestre veñen como consecuencia esencialmente dos incrementos rexistrados no mes de abril por mor da celebración da Semana Santa –neste cuarto mes de 2017 supérase nun 50% a cifra de 2016-. Esta elevada cifra esconde en parte o efecto positivo do calendario por canto a Semana Santa do pasado ano celebrouse integramente no mes de marzo.

Contrasta este incremento coas caídas rexistradas en febreiro e marzo. En xaneiro, mes de baixa afluencia turística, o nivel de demanda regrada incrementouse nun 2,2%.

Evolución Demanda Turística nos Establecementos Regrados. 1º Cuadr. 2017/16, por meses




MERCADOS TURÍSTICOS

Neste primeiro cuadrimestre o 80% da demanda turística regrada corresponde ao turismo de orixe estatal, cifra que engloba tanto ao turismo interno –dos residentes en Galicia- como ao receptor nacional –españóis que proceden doutras comunidades autónomas-. Ambos segmentos xeraron preto de 1,5 millóns de pernoctacións neste ano.

O turismo internacional supón, en cambio, o 20% do total da demanda regrada neste período con pouco máis de 365 mil pernoctacións neste caso.

Peso dos principais mercados nos Establecementos Regrados. 1º Cuadr. 2017




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste período un comportamento positivo dos dous grandes segmentos de mercado, cun crecemento de diversa intensidade.

O turismo nacional sobe un 6,6% como consecuencia esencialmente dunha mellora da cifra de viaxeiros aloxados, do 6,0% neste caso.

O mercado internacional amosa tamén un incremento importante, do 16,5%, grazas tamén en boa medida á suba da cifra de viaxeiros estranxeiros aloxados en Galicia –do 14,3% neste caso–.




MERCADOS TURÍSTICOS

O crecemento do turismo nacional deste ano engádese ao rexistrado nos tres anteriores –sendo do 2,7% no primeiro cuadrimestre de 2014, do 6,4% en 2015 e do 7,7% en 2016-. Son catro anos consecutivos de comportamento positivo que sitúan os niveis de demanda en preto de 1,5 millóns de pernoctacións –a cifra máis elevada dos últimos sete anos-.

En termos de viaxeiros aloxados o mercado nacional achégase aos 800 mil nestes primeiros catro meses, a cifra máis elevada desde o 2008. Recupéranse dalgunha maneira os niveis propios dos anos anteriores á crise.

Evolución Mercado Nacional nos Aloxamentos Reградos. Noites 1º Cuadr. 2013-17




MERCADOS TURÍSTICOS

No caso do mercado internacional a dinámica recente rexistra tres anos de crecementos consecutivos, a taxas importantes –do 16,2% no primeiro cuadrimestre de 2015, do 9,1% en 2016 e do 16,5% agora en 2017- que elevan o nivel final a pouco máis de 365 mil noites nos establecementos regrados de Galicia –cifra que supón un máximo histórico na comunidade-.

Este incremento débese en grande medida á suba da cifra de viaxeiros aloxados, do 14,3%, circunstancia que eleva a máis de 200 mil a cifra deste primeiro cuadrimestre –dato que tamén supón máximo histórico en Galicia-.

Evolución Mercado Internacional nos Aloxamentos Regrados. Noites 1º Cuadr. 2013-17




MERCADOS TURÍSTICOS

No ámbito hoteleiro –que representa o 91% do total da demanda regrada- é posible realizar unha análise máis segmentada por mercados. En particular, obsérvase que o 34% do total da demanda turística corresponde ao mercado interno, isto é, á demanda xerada polos residentes en Galicia –con pouco máis de 570 mil noites neste primeiro cuadrimestre-. O 46% provén das restantes comunidades autónomas –representa por tanto o mercado receptor nacional, con algo máis de 770 mil noites- e o 20% ao turismo internacional –con preto de 340 mil neste caso-.

Esta última cifra supón un máximo histórico dentro do segmento hoteleiro da comunidade.

Peso dos principais mercados nos Establecementos Hoteleiros. 1º Cuadr. 2017




MERCADOS TURÍSTICOS

Obsérvase neste período un comportamento positivo dos tres grandes segmentos de mercado no sector hoteleiro, con variacións de diversa intensidade.

O turismo interno presenta un crecemento moderado, do 4,5%, froito dunha mellora da cifra de viaxeiros aloxados. O mercado receptor nacional increméntase nun 7,8% neste período mentres que o internacional sobe un 14,6% en relación ao primeiro cuadrimestre de 2016.

Nos tres casos a mellora vén dada en grande medida por un crecemento da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,9% no caso dos residentes en Galicia, do 7,9% naqueles que proceden do conxunto do Estado e do 13,4% no caso dos estranxeiros-.

Evolución principais mercados nos aloxamentos hoteleiros . 1º Cuadr. 2017/16




MDOS. TURÍSTICOS – TURISMO INTERNACIONAL

O mellor comportamento relativo do turismo internacional fronte aos restantes segmentos conleva que este mercado incremente progresivamente o seu peso dentro da estrutura da demanda en Galicia. Tal circunstancia acontece de forma continua desde o 2014 cando supoñía o 17,0% do total.

No primeiro cuadrimestre deste ano achégase ao 20%, porcentaxe que no ámbito dos viaxeiros aloxados sobe ao 20,8%. Ambas supoñen máximos históricos na nosa comunidade.

Consólidase neste ano, cando menos no primeiro cuadrimestre, o cambio lento pero progresivo na estrutura da demanda turística na nosa comunidade.


Evolución PESO DO TURISMO INTERNACIONAL na Demanda Regrada. 1º Cuadr. 2011-17



MERCADOS TURÍSTICOS

ESPAÑOIS

ESTRANX.



MERCADOS TURÍSTICOS


- Tendo en conta o volume global da demanda turística no segmento hoteleiro, o mercado interno –dos residentes en Galicia- representa neste primeiro cuadrimestre o 33,9% do total das pernoctacións da comunidade.
- Dentro do ámbito nacional Madrid é o principal mercado emisor a nivel nacional. Con algo máis de 215 mil noites representa o 12,9% do total da demanda turística hoteleira.
- Seguen en orde de importancia Castela e León –co 6,3%-, Asturias –co 4,6%-, Cataluña –tamén co 4,6%- e Andalucía –co 3,6% do total da demanda hoteleira neste caso-. Logo de Madrid son, por tanto, os mercados de proximidade os que adquiren maior protagonismo na nosa comunidade neste inicio de ano.
- No ámbito internacional mantense Portugal como o principal mercado emisor a Galicia. Nos primeiros catro meses rexístranse preto de 71 mil pernoctacións procedentes do país veciño, o 4,2% do total da comunidade.
- A nivel internacional destacan tamén como principais mercados Alemaña –co 1,8% das noites-, Italia –co 1,5%-, Reino Unido –co 1,3%- e Francia –co 1,3% neste caso-.
- EE.UU. sitúase en sexto lugar conformando o primeiro mercado internacional non europeo. Representa neste cuadrimestre o 1,1% do total da demanda hoteleira.

MERCADOS TURÍSTICOS

O bo comportamento do mercado nacional vén como consecuencia do crecemento rexistrado na maior parte dos principais mercados emisores. Ao incremento do turismo interno engádesse neste período o rexistrado polos principais mercados do Estado, en particular Madrid –que sobe un 12,4%- e aqueles de maior proximidade –Castela e León cun 20,7% e Asturias cun 13,6% neste caso-.

O mercado catalán amosa tamén un comportamento positivo pero moderado –sobe un 2,0% neste período-. Contrasta isto cos descensos observados en mercados como o andaluz, o vasco ou valenciano –de baixa intensidade en todo caso-.

Evolución Principais Mercados Nacionais nos Aloxamentos Hoteleiros . Noites 1º Cuadr. 2017/16




MERCADOS TURÍSTICOS

A nivel internacional obsérvase tamén un crecemento xeneralizado dos principais mercados emisores, destacando neste caso por intensidade as melloras rexistradas polo mercado portugués –que supera en case un 30% os niveis do mesmo período do pasado 2016 con preto de 71 mil pernoctacións-. Alemaña e Italia amosa tamén dinámicas positivas, con incrementos por encima do 10% interanual.


Neste contexto positivo obsérvanse sen embargo certas excepcións. É o caso dos mercados británico e americano –que se manteñen a grandes trazos nos mesmos niveis do primeiro cuadrimestre de 2016- e do mercado francés –único dos principais que amosa caída neste período, do 7,0% en particular-.

Evolución Principais Mercados Internacionais nos Aloxamentos Hoteleiros . Noites 1º Cuadr. 2017/16



En liña coa distribución da oferta actual, o reparto territorial da demanda turística hoteleira neste caso presenta un claro desequilibrio cara as provincias do litoral atlántico fronte o interior da comunidade. Neste primeiro cuadrimestre as provincias de A Coruña e Pontevedra absorben o 78% do total da demanda cun reparto algo dispar –A Coruña xera maior volume de pernoctacións con preto de 755 mil neste período, o 45% do total-. En Pontevedra o nivel fica levemente por encima do medio millón, o 33%. O 22% restante queda nas provincias de interior, cifra que se reparte de forma semellante entre Lugo –que absorbe o 12% do total da demanda- e Ourense –provincia que tradicionalmente ten un menor peso na estrutura global da comunidade, cun 10% neste caso-.

Demanda turística HOTELEIRA por provincias. 1º Cuadr. 2017




ANÁLISE TERRITORIAL

En termos xerais obsérvase neste primeiro cuadrimestre un comportamento homoxéneo da demanda hoteleira a nivel territorial, con crecementos nas catro provincias galegas se ben de diversos motivos e intensidade.


Destaca a provincia de Pontevedra cun incremento da demanda do 15%, cifra superior ás rexistradas nas tres restantes –do 6,6% en A Coruña, de case un 2% en Lugo e do 1% en Ourense–.

Nas tres primeiras acontece que a mellora dos niveis de demanda vén da man do crecemento da cifra de viaxeiros aloxados, só parcialmente amortiguado en Lugo –por un descenso da estadía media–. En Ourense, en cambio, a leve mellora da demanda vén provocada por un incremento precisamente da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 3,6%.



O 51% da demanda hoteleira de Galicia deste primeiro cuadrimestre corresponde a cinco dos destinos urbanos da comunidade. Obsérvase, por tanto, un notable peso deste segmento no inicio do ano fronte a outras modalidades turísticas.


A cidade de Santiago lidera o ranking dos destinos urbanos de Galicia. Neste período rexistra pouco máis de 275 mil noites nos establecementos hoteleiros, cifra que supón o 16% do total da comunidade. Seguen en orde de importancia as cidades de A Coruña –con pouco máis de 245 mil noites- e Vigo –con preto de 207 mil neste primeiro cuadrimestre-.



Obsérvase un comportamento positivo homoxéneo da demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia con crecementos xeneralizados agás no caso de Ourense, única cidade das consideradas que rexistra unha caída do 7% en relación ao pasado ano.

Neste primeiro cuadrimestre é a cidade de Vigo a que presenta o incremento de maior intensidade, superando nun 22% os niveis de demanda do mesmo período pasado ano. As restantes tres cidades amosan dinámicas positivas importantes pero máis suaves, con subas do 8% en A Coruña e Santiago e do 6% en Lugo.

Variación da demanda turística HOTELEIRA nos destinos urbanos de Galicia. 1º Cuadr. 2017/16




DEMANDA TURÍSTICA - TIPOLOXÍAS

O 91,3% da demanda turística regrada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 75,4%- como ás pensións –co 16,0% neste caso-.

O 8,7% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,1% da demanda total-, aos cámpings –apenas o 1%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 3,7% neste caso-.


Reparto da demanda turística nas diferentes tipoloxías de aloxamento regrado. Noites 1º Cuadr. 2017



DEMANDA TURÍSTICA – TIPOLOXÍAS

En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste período un comportamento relativamente homoxéneo, con incrementos da demanda en case todas as modalidades. Marcan a excepción as pensións, tipoloxía que presenta un leve descenso do número de noites –en particular do 2,3%- en comparación co primeiro cuadrimestre de 2016.

En termos relativos os incrementos máis notorios sitúanse nas modalidades extrahoteleiras, e particularmente nos cámpings e nos establecementos de turismo rural, con subas iguais ou superiores ao 20% interanual. Nos hoteis e nos apartamentos turísticos obsérvase igualmente un comportamento positivo pero moderado, con taxas do 10% nos primeiros e do 7% nestes últimos.




DEMANDA TURISTICA – CATEGORÍAS

Dentro do ámbito hoteleiro obsérvase certa disparidade de comportamento dentro de cada modalidade. Nos hoteis o crecemento da demanda é xeneralizado a todas as categorías sendo os hoteis de dúas estrelas os que superan con maior intensidade os niveis do mesmo período do pasado ano –nun 16,5% en particular- así como naqueles de tres estrelas –cun 13,7%-.

Dentro das pensións obsérvase tamén un comportamento homoxéneo nas dúas categorías consideradas pero de índole negativo. Cae a demanda naquelas de tres e dúas estrelas –un 3,4%- e nas de unha estrela –un escaso 1%-.

Evolución Demanda Turística Hoteleira por Categorías. Noites 1º Cuadr. 2017/16




DEMANDA TURISTICA – EST. HOTELEIROS

Fixando a atención no segmento hoteleiro obsérvase que o incremento deste ano engádese aos tres anteriores. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13 –resultado da combinación do efecto pos-xacobeo nun contexto de crise- este sector consegue estabilizarse en 2013 -cun incremento puntual do 0,4%- que precede ás subas do 7,2% en 2015, do 6,7% en 2016 e do 7,9% agora en 2017, encadeando desta maneira catro anos consecutivos de crecemento da demanda.

Tal circunstancia permite xerar preto de 325 mil noites hoteleiras neste período, de 2013 a 2017 –só no primeiro cuadrimestre-, colocando o dato final en case 1,7 millóns para este ano –a cifra máis elevada desde o 2010-.

Evolución Demanda Turística nos ESTABLECEMENTOS HOTELEIROS. Noites 1º Cuadr. 2013-17




DEMANDA TURISTICA – APTOS. TURÍSTICOS

No ámbito dos apartamentos turísticos a tendencia é tamén positiva con incrementos consecutivos da demanda nos últimos catro anos. De feito, salvo en 2013 que presenta un leve descenso, a demanda nos apartamentos evoluciona positivamente desde o 2011.

Con esta dinámica positiva –moi acentuada por exemplo no primeiro cuadrimestre de 2016 coa suba do 55%- os apartamentos turísticos conseguen situarse en algo máis de 75 mil pernoctacións neste ano, cifra que supón un máximo histórico no primeiro cuadrimestre.


Evolución Demanda Turística nos APARTAMENTOS TURÍSTICOS. Noites 1º Cuadr. 2013-17



DEMANDA TURISTICA – CAMPINGS

A dinámica da demanda turística nos cámpings é algo diferente ao comentado para os dous casos anteriores. Debido aos baixos niveis que aínda rexistra no primeiro cuadrimestre do ano –pois é un tipo de aloxamento máis demandado en temporada alta- as variación interanuais amosan taxas moi elevadas e dispares. En calquera caso nos últimos catro anos a tendencia xeral é positivo, con incrementos no primeiro cuadrimestre de 2014, 2015 e agora en 2017. Marca a excepción a caída puntual rexistrada no pasado ano. Con todo o nivel final deste cuadrimestre sitúase en máis de 17 mil noites –a cifra máis elevada desde o 2008-.

Evolución Demanda Turística nos CAMPINGS. Noites 1º Cuadr. 2013-17




DEMANDA TURISTICA – TURISMO RURAL

O segmento do turismo rural de Galicia acumula neste caso catro anos consecutivos de crecemento da demanda no primeiro cuadrimestre, a taxas importantes –do 28% en 2014, do 17% en 2015, do 8% en 2016 e do 20% agora en 2017- que permiten recuperar e mesmo superar os niveis perdidos nos anos centrais da crise –singularmente no período 2008-13- e marcar tamén un máximo histórico con algo máis de 67 mil noites –cifra moi semellante á que se rexistrou no primeiro cuadrimestre de 2007-.

En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é parella e acada o sector neste ano preto de 38 mil.


Confírmase, por tanto, a recuperación e mesmo a excelente evolución do turismo rural en Galicia nestes últimos anos.

Evolución Demanda Turística nos ESTABLECEMENTOS DE TURISMO RURAL. Noites 1º Cuadr. 2013-17




A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase levemente por encima de 1,8 noites neste primeiro cuadrimestre, cifra que apenas variou de forma significativa nos últimos tres anos. Nunha perspectiva temporal máis ampla si se observa que a estadía media global cae desde o ano 2011 cando se situaba preto de 2,1 noites neste período de catro meses. Os apartamentos turísticos son a modalidade que rexistra o valor máis alto con preto de 2,9 noites neste primeiro cuadrimestre. Nos cámpings a cifra fica tamén por encima das dúas noites –en 2,4 concretamente– mentres que nas tres restantes tipoloxías o valor queda por debaixo –con 1,8 noites nos hoteis e nos establecementos de turismo rural e con 1,9 noites nas pensións–.

Estadía media nos Establecementos Regrados. 1º Cuadrimestre 2011-17



O comportamento da demanda tradúcese en todas as tipoloxías consideradas nunha evolución parella dos niveis de ocupación en relación ao mesmo período do pasado ano 2016, de diversa intensidade. A suba máis destacada prodúcese no segmento dos hoteis onde se superan en 3,7 puntos a cifra de 2016. En turismo rural a mellora fica en 2,5 puntos mentres que nos apartamentos turísticos e nos cámpings aproxímase aos dous puntos porcentuais-. A excepción vén da man tamén neste caso das pensións que rexistran un nivel moi parecido ao do pasado ano. Os hoteis son a modalidade de aloxamento que rexistran o nivel de ocupación máis elevado, cun 30,7% de media neste período. Pola contra son os cámpings os que amosan a cifra máis baixa, cun 9,1% neste caso.


% Ocupación nos Establecementos Reградos. 1º Cuadrimestre 2017/16



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

As tarifas hoteleiras en Galicia soben no primeiro cuadrimestre –un 2,2%- situándose en 51,4 euros de media. A mellora dos niveis de demanda e ocupación neste período, acontecida nun contexto de certo incremento dos prezos hoteleiros, permite aos establecementos hoteleiros da comunidade incrementar os niveis de rendibilidade en relación ao primeiro cuadrimestres do pasado ano 2016 –o RevPAR sobe un 12,0% ata situarse en 15,9 euros de ingreso medio por habitación dispoñible-. Os bos resultados en termos de ingreso e rendibilidade hoteleira proveñen, por tanto, dunha mellora dos niveis de demanda auspiciada por un incremento das tarifas hoteleiras en relación ao pasado ano.

Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. 1º Cuadrimestre 2017




RENDIBILIDADE HOTELEIRA

O sector hoteleiro de Galicia acumula catro anos consecutivos de mellora dos seus niveis de rendibilidade. Logo das caídas rexistradas no trienio 2011-13 o RevPAR hoteleiro sobe levemente en 2014 –nun contexto de incipiente mellora dos niveis de ocupación mais descenso das tarifas hoteleiras- para continuar logo unha senda positiva de incrementos en 2015 –do 10,9%-, en 2016 –do 9,2%- e agora en 2017 –do 12,0%-.

Esta tendencia positiva vén como consecuencia de dous efectos positivos: mellora dos niveis de ocupación nun contexto de certo crecemento das tarifas hoteleiras ou ADR –que soben un 1,4% en 2015, un 3,0% en 2016 e un 2,2% tamén agora en 2017-.


Variación da Ocupación, ADR e RevPAR Hoteleiro. 1º Cuadrimestre 2012-17



RENDIBILIDADE HOTELEIRA

En termos absolutos, combinando a mellora dos niveis de demanda e ocupación nun contexto de leve crecemento das tarifas hoteleiras, estímase que o sector hoteleiro rexistrou neste primeiro cuadrimestre preto de 55,5 millóns de euros de ingreso total por habitación ocupada, cifra que supera nun 9,9% o dato do mesmo período do pasado ano. Son cinco millóns de euros de incremento do ingreso total en relación ao 2016. Os ingresos totais do sector hoteleiro soben de forma consecutiva nos tres últimos anos –un 7,2% en 2015, un 9,8% en 2016 e un 9,9% agora en 2017- recuperando e mesmo superando os niveis perdidos en anos anteriores.

Ingreso total por habitacións ocupadas no segmento hoteleiro. 1º Cuadrimestre 2013-17



TURISMO INTERNACIONAL - FRONTUR

No ámbito do turismo internacional existe unha fonte específica que mide o volume e características deste segmento da demanda: FRONTUR. Segundo esta operación neste cuadrimestre visitaron Galicia preto de 270 mil turistas estranxeiros, cifra que inclúe a aqueles que se aloxan en establecementos regrados e non regrados e que segundo o INE experimentou un incremento do 26% en relación ao 2016.

O 57% visitou a nosa comunidade por Vacacións/Ocio, segmento que destaca sobre os restantes considerados – un 22% fíxoo por motivos persoais mentres que un 12,5% visitou Galicia por negocios-.

O excursionismo internacional, procedente na súa meirande parte de Portugal –en particular o 95%- , estímase en máis de 1,3 millóns de persoas neste período –un 79% máis que no pasado ano 2016-.

Turismo internacional en Galicia. FRONTUR 1º Cuadr. 2017


	1º Cuadr. 2017	Var. 2017/16	Peso
TURISTAS INTERNACIONAIS	267.639	26,3%	100,0%
Vacacións / Ocio	151.718	51,0%	56,7%
Persoal (Saúde, Familia,...)	57.843	-9,0%	21,6%
Negocios	33.568	-13,0%	12,5%
Resto motivos	24.510	-	9,2%
EXCURSIONISMO INTERNACIONAL	1.343.723	79,3%	-

CAMIÑO DE SANTIAGO

En relación co número de Compostelas que expide a Oficina do Peregrino obsérvase neste primeiro cuadrimestre un incremento do 20,4% en relación ao mesmo período de 2016 acadando unha cifra total levemente por encima das 35 mil. É o sexto ano consecutivo no que se observa un crecemento do número de Compostelas situando a cifra deste 2017 –primeiro cuadrimestre- en máximo histórico –supera nun 24% o dato do último Xacobeo 2010-.

É o quinto ano consecutivo no que o volume de peregrinos estranxeiros supera aos españois –os primeiros representan neste período o 54,5% do total con algo máis de 19 mil-.


Evolución peregrinos en Galicia. Nº Compostelas 1º Cuadr. 2012-17




CAMIÑO DE SANTIAGO

Obsérvase un comportamento homoxéneo dos dous grandes segmentos segundo a procedencia. En relación ao pasado ano increméntase de forma notable tanto o volume de peregrinos españois –un 20,8%- coma o dos estranxeiros –un 20,0% neste caso- acadando estes últimos un máximo histórico con pouco máis de 19 mil. Por rutas destaca o Camiño Francés –co 60,4% do total-, que rexistra un incremento do volume de peregrinos do 14%. Os restantes camiños amosan en global un maior dinamismo superando nun 31% as cifras do mesmo período do pasado ano –neste grupo cabe sinalar o incremento do volume de peregrinos no Camiño Portugués, do 36% neste cuadrimestre-.

Evolución Peregrinos, por procedencia. 1º Cuadr. 2017/16



Evolución Peregrinos, por rutas. 1º Cuadr. 2017/16



CAMIÑO DE SANTIAGO

No ámbito do Camiño Francés, en particular, e tomando en consideración as cifras aportadas polo INE, obsérvase período un incremento tanto da cifra de viaxeiros aloxados coma das pernoctacións nos hotéis e pensións dos concellos presentes na ruta –soben un 5,4% e 7,8% respectivamente en relación ao 2016-. Obsérvase iso si un comportamento dispar dos dous grandes segmentos de mercado: incrementábase notablemente a cifra de viaxeiros españois aloxados no camiño –un 26%- e descende, pola contra, o volume de viaxeiros estranxeiros –un 12% neste caso-.

Neste período son os españois maioría dentro dos establecementos hoteleiros do Camiño Francés –representan o 55% do total-. O segmento dos estranxeiros supón neste caso o 45%.

A pesar do incremento da demanda o nivel de ocupación mantense estable como consecuencia dunha suba paralela e similar en intensidade do volume de prazas dispoñibles en relación ao mesmo período de 2016.

Demanda Hoteleira no Camiño Francés. 1º Cuadr. 2017

	1º CUADR. 2017	Var. Int. 17/16
VIAXEIROS ALOXADOS	45.648	5,4%
Españois	25.011	26,1%
Estranxeiros	20.638	-12,1%
NOITES	51.293	7,8%
ESTADÍA MEDIA	1,12	2,3%
OCUPACIÓN (%)	18,43%	-0,23

TRÁFICO AEROPORTUARIO

O tráfico global de pasaxeiros nos aeroportos de Galicia incrementábase un 7,5% neste primeiro cuadrimestre rexistrando preto de 1,4 millóns no conxunto da comunidade.

O incremento global da cifra de pasaxeiros vén como consecuencia da mellora rexistrada nos tres aeroportos, con diversa intensidade. Destaca en termos relativos a suba correspondente ao aeroporto de Alvedro que supera nun 10,7% o tráfico de pasaxeiros do pasado ano. En Santiago o incremento é algo máis suave –do 7,0%- mentres que en Vigo a porcentaxe sitúase no 5,1%.

En termos absolutos o incremento achégase aos 100 mil de pasaxeiros sendo Santiago o que se leva a maior parte da cifra –con case 50 mil novos pasaxeiros en Lavacolla en comparación co pasado ano-.

Son catro anos consecutivos de crecemento do tráfico aeroportuario en Galicia no primeiro cuadrimestre, situando a cifra deste ano na máis elevada desde o 2008.

Tráfico aeroportuario en Galicia. 1º Cuadr. 2017


AEROPORTO	1º Cuadr. 17	1º Cuadr. 16	Var. Int. 17/16
A CORUÑA	342.519	309.478	10,7%
SANTIAGO DE COMPOSTELA	754.014	704.574	7,0%
VIGO	282.747	268.947	5,1%
GALICIA	1.379.280	1.282.999	7,5%

TRÁFICO CRUCEIROS

O tráfico de cruceiros en Galicia –medido en volume de pasaxeiros- descende no primeiro cuadrimestre en relación ao pasado ano –un 3,4% en particular-. Rexístranse desta maneira pouco máis de 45 mil pasaxeiros no conxunto dos catro portos da comunidade, a cifra máis baixa dos últimos tres anos.

O número de cruceiros que visitaron a nosa comunidade, sen embargo, mantívose estable cun total de 30 en Galicia.

Infírese, por tanto, un descenso do ratio de pasaxeiros por cruceiros neste período pasando dun promedio de 240 no primeiro cuadrimestre de 2016 a case 221 agora en 2017.




TRÁFICO CRUCEIROS

O turismo de cruceiros en Galicia continúa centrado nos dous portos principais da comunidade –A Coruña e Vigo- se ben neste cuadrimestre destaca o primeiro pois absorbe o 63% do tráfico global. No porto de Vigo rexístrase o 29% quedando o 8% restante para Ferrol - San Cibrao.


A caída do tráfico de cruceiros en Galicia vén como consecuencia do descenso rexistrado no porto de Vigo onde o volume de pasaxeiros descende un 30%. Os incrementos rexistrados en A Coruña –do 8%- e Ferrol –de máis do dobre do pasado ano- non conseguen contrarrestar a caída anterior.

Neste cuadrimestre non se rexistra tráfico de cruceiros no porto de Vilagarcía.

Reparto do tráfico de pasaxeiros por porto. 1º Cuadr. 2017



Var. Tráfico de pasaxeiros, global e por portos. 1º Cuadr. 2017/16



EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

Segundo a Enquisa de Poboación Activa no primeiro trimestre de 2017 o sector turístico de Galicia rexistrou 108.389 ocupados, cifra que supera nun 5,0% o dato do mesmo período de 2016. Supón o 10,5% do total de ocupados nas diferentes ramas da economía da comunidade.

O 71% das persoas ocupadas son asalariados –porcentaxe algo menor á do pasado ano- mentres que a cifra restante figuran como autónomos.

Dentro dos asalariados do sector obsérvase unha taxa de temporalidade do 37%, similar á do pasado ano. En paralelo ao anterior a EPA constata que neste trimestre subiu o desemprego no sector incrementándose nun 1,6% a cifra de parados en relación ao 2016 –situando a cifra final en máis de 20 mil-. Esta suba coloca a taxa de paro no sector no 15,8%, porcentaxe que cae en 0,4 puntos en comparación co pasado ano.

Emprego no sector turístico. EPA 1º Trimestre 2017

	1TR17	1TR16	Var. 17/16
OCUPADOS	108.389	103.192	5,0%
PARADOS	20.289	19.966	1,6%
TAXA DE PARO	15,8%	16,2%	-0,4 ptos.
TAXA DE ASALARIADOS	70,7%	72,7%	-2,0 ptos.
TAXA DE TEMPORALIDADE	37,0%	37,1%	-0,1 ptos.


EMPREGO NO SECTOR TURÍSTICO

En termos de emprego no sector turístico –en particular nas ramas de Hostalería e Axencias de Viaxe– obsérvase un incremento das afiliacións á Seguridade Social en relación ao pasado ano. Soben en concreto un 4,3% situándose a cifra de abril en preto de 77 mil no conxunto da comunidade.

Son catro anos consecutivos de incremento das afiliacións á Seguridade Social nas ramas citadas pasando dun promedio do contorno das 67 mil en abril de 2013 a case 77 mil agora en 2017.

A nivel desagregado obsérvase que o incremento das afiliacións prodúcese en todas as ramas consideradas. Soben nun 8,36% nos servizos de aloxamento, nun 3,6% nos servizos de restauración e nun 11,1% nas actividades de axencias de viaxes, operadores turísticos e similares.

Evolución Afiliacións á Seguridade Social (Hostalería e Axencias de Viaxe). Abril 2013-17



Informe de avaliación de datos turísticos

1º Cuadrimestre 2017



galicia